



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Co-funded by
the European Union



UNIMORE
UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI
MODENA E REGGIO EMILIA

Financiado por:

Proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000214907.

“Play the BIP a Blended Intensive Program
about game-based learning and gamification”.

Módena / Maio-xuño de 2025

Obxecto:

Convocatoria para estudantes e/o profesorado para participar nun programa intensivo combinado (BIP) en Módena (Italia).

Lugar e datas:

Universidade de Modena e Reggio Emilia, Department of Communication and Economics, entre o 16 e e 20 de Xuño de 2025. A formación terá unha componente virtual e presencial, as datas da componente virtual están en preparación polo centro organizativo.

Dirixido a:

> Estudantes matriculados en CIFP Imaxe e son pendentes da realización do módulo de FCT ou recentemente titulados na especialidade “Técnico Superior en Animacións 3D, Xogos e Contornas Interactivos”.

> Persoal docente de CIFP Imaxe e son.

Prazo de solicitude:

- Desde o 28 de MARZO de 2025 ata o 31 de MARZO de 2025.
- Resolución provisional: 31 de Marzo de 2025.
- Prazo de alegacións: 1 ao 3 abril de 2025.
- Resolución definitiva: 4 abril de 2025
- Prazo de aceptación ou renuncia: 6 de abril 2025.

Recoñecemento académico alumnado: 3 ECTS.

1. OBXECTO.

A presente convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar axudas económicas para a realización de dúas mobilidades de alumnado e/ou persoal docente de ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional do CIFP Imaxe e son a través do Proxecto ERASMUS+ 2024-1-ES01-KA131-HED-000214907 para asistir á actividade formativa “Play the BIP a Blended Intensive Program about game-based learning and gamification” en Módena (Italia).

Esta proposta formativa é consecuencia de tres feitos:

Primeiro_ que o alumnado da especialidade de animación solicitante de mobilidades internacionais para realizar a súa Formación en Centro de traballo non puido realizar a formación prevista debido á falta de acordo entre CIFP Imaxe e son e empresas dispoñibles con garantías de éxito para a formación nos países de destino solicitados polo alumnado.

Segundo_ a insuficiente cantidade de diñeiro ofrecida ao alumnado en convocatorias de mobilidade de formación práctica de longa duración convida a coordinación internacional de CIFP Imaxe e son a buscar novas experiencias de formación internacional dentro do contexto ERASMUS+.

Terceiro_ CIFP Imaxe e son solicitou financiamento a ERASMUS+ para realizar tres proxectos de formación BIP: Erasmus+ Blended Intensive Program. para o período 25-27. A participación de CIFP Imaxe e son neste proxecto BIP organizado pola Universidade de Módena supón para nós unha primeira aproximación ao protocolo de xestión de mobilidades BIP.

En consecuencia,

CIFP Imaxe e son convoca 2 prazas en réxime de concorrència competitiva para participar en “Play the BIP a Blended Intensive Program about game-based learning and gamification”.

Breve resumo do contido do programa:

O xogo é un aspecto fundamental da interacción humana, a creatividade e a aprendizaxe. Esténdese máis aló da infancia e exprésase en diversos ámbitos, como a educación, os negocios e a comunicación cotiá. Nun contexto educativo, o xogo fomenta a participación, o pensamento crítico e a motivación, facendo que as experiencias de aprendizaxe sexan máis efectivas e agradables. Está estreitamente relacionado coa gamificación (o uso de elementos de xogo en contextos non lúdicos) e a aprendizaxe baseada en xogos (GBL), que implica o uso de xogos reais para lograr resultados de aprendizaxe. Aínda que estes conceptos comparten similitudes, difiren no seu enfoque e aplicación: a gamificación mellora os procesos existentes ao engadir mecánicas de xogo, o GBL integra a jugabilidade estruturada na aprendizaxe, e o xogo adopta unha mentalidade máis ampla de curiosidade, experimentación e diversión. Play the BIP é unha escola de verán semanal que se impartirá en Reggio Emilia (Italia), unha oportunidade de aprendizaxe internacional

deseñada para estudantes e educadores interesados en explorar a aprendizaxe baseada en xogos, a gamificación e o papel do xogo na educación e o emprendemento.

Ao longo do programa, os participantes:

- ▶ Desenvolverán unha comprensión da gamificación, a aprendizaxe baseada en xogos e a diversión.
- ▶ Explorarán diferentes teorías do xogo na infancia e a idade adulta.
- ▶ Aprenderán a adaptar xogos comerciais con fins educativos.
- ▶ Participarán en actividades de traballo en equipo e choiva de ideas creativa.
- ▶ Deseñarán os seus propios módulos de gamificación en proxectos grupais.
- ▶ Recibirán retroalimentación dos seus compañeiros e compartirán as mellores prácticas de avaliación.

A escola de verán combina conferencias, actividades interactivas e sesións prácticas, culminando cun debate final sobre boas prácticas e futuras colaboracións. Tanto se es un educador que busca implementar estratexias de aprendizaxe lúdica como un profesional interesado en aplicar mecánicas de xogo aos negocios e a innovación, Play the BIP proporciónache as ferramentas e o coñecemento para aproveitar o poder do xogo.

2. FINANCIAMENTO.

As persoas seleccionadas obterán unha axuda a través do Proxecto Propio de CIFP Imaxe e son: 2024-1-ES01-KA131-HED-000214907.

Serán financiados, por participante, dous días de viaxe e cinco de estancia. A axuda recibida polas persoas beneficiarias será a que corresponde co documento mobilidade internacional de estudantes e persoal de educación superior financiada con fondos de política interior (ka131-hed) convocatoria ERASMUS+ 2024 publicado en:

http://www.sepie.es/doc/comunicacion/publicaciones/2024/ayudas_erasmus_2024_educacion_superior_ka131.pdf

I. Axudas para estudantes beneficiarios.

- > 79 euros ao día (7 días).
- > En caso de persoa con menos oportunidades: 100 euros máis para toda a mobilidade.

II. Axudas para persoal docente beneficiario.

- > 150 euros ao día (7 días)

III. Axuda viaxe para alumnado e persoal docente.

A distancia entre A Coruña e Módena é de 1548,07 km.

Axuda:

- > Viaxe ecolóxico: 417 euros.
- > Viaje non ecolóxico: 309 euros.

IV. Forma de pago:

O persoal seleccionado recibirá un 80% da axuda antes do inicio da actividade e un 20% unha semana despois de presentar a Coordinación internacional o Certificado de asistencia á actividade e de realizar a enquisa solicitada por ERASMUS+.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán solicitar praza nesta convocatoria as persoas que cumpran con algún dos seguintes requisitos:

- ✓ No momento da presentación da solicitude o alumnado deberá:
 - a) Ter superados os módulos de primeiro e segundo curso agás Formación en centro de traballo e Proxecto ou ben ser alumno recién titulado. Ou ben,
 - b) Ser alumno recién titulado.

Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

✓ O persoal docente estará impartindo docencia ou terá responsabilidades no equipo directivo durante o período que transcorre entre a publicación da convocatoria e a execución da mobilidade.

4. PROCEDIMIENTO DE SOLICITUDE.

As solicitudes presentaranse a través do correo electrónico internacional@cifp.eis.gal dirixidas á o Coordinador internacional (Carlos Oro) e acompañadas da seguinte documentación:

■ SOLICITUDE (ANEXO I)

En cada caso individual, cada solicitante deberá presentar:

- Acreditación de idiomas.
- Acreditación de persoa beneficiaria con Menos oportunidades.

Consulta de criterios de persoas con dereito a ser consideradas con menos oportunidades en:

http://www.sepie.es/doc/comunicacion/publicaciones/2024/ayudas_erasmus_2024_educacion_superior_ka131.pdf

5. COMISIÓN AVALIADORA

A instrución, ordenación e selección no procedemento corresponde á Comisión avaliadora

Composición:

- Presidencia:
A persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vogalías:
A persoa coordinadora de programas europeos no centro educativo.
Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
- Secretaría:
Unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.

Finalizado o prazo de presentación e examinadas as solicitudes por parte da Comisión, a Presidenta ditará resolución provisional do resultado do proceso de selección. Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de tres días hábiles. Finalizado ese prazo e resoltas as alegacións, a Presidenta ditará resolución definitiva. Todas as resolucións relacionadas serán publicadas no taboleiro de anuncios de CIFP Imaxe e son e na páxina web do centro.

6. BAREMO PERSOAL SOLICITANTE

I. A selección do alumnado realizarase de acordo aos seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.

- Nota media inferior a 6: 1 punto.
- Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
- Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
- Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

2. Acreditación do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

- Certificación de nivel B1: 1 punto.
- Certificación de nivel B2: 2 puntos.
- Certificación de nivel C1: 3 puntos.
- Certificación de nivel C2: 4 puntos.

3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):

A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade. A comisión avaliadora solicitará informe sobre a persoa candidata á súa persoa titora.

De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para poder ser seleccionado.

4. Persoas participantes con menos oportunidades (2 puntos).

Considéranse persoas participantes con menos oportunidades as que se encontren, entre outras, nalgunha das seguintes situacións (axuda non acumulativa se presentan máis dun perfil):

- Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
- Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.

- Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cen.

Consulta os criterios completos de persoas con dereito a ser consideradas con menos oportunidades en:

http://www.sepie.es/doc/comunicacion/publicaciones/2024/ayudas_erasmus_2024_educacion_superior_ka131.pdf

5. Criterios de desempate.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

Primeiro - As persoas solicitantes con menos oportunidades.

Segundo - As persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

II. A selección do profesorado realizarase de acordo aos seguintes criterios:

1. Antigüidade no centro (máximo 4 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2000: 4 puntos.
- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2010: 3 puntos.
- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2020: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2020-2021 e a actualidade: 1 punto.
- Con destino provisional: 0 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas. A puntuación da persoa candidata será a resultante da suma da puntuación de idioma de destino e de inglés.

	A1	A2 Bach	B1	B2	C1	C2
Idioma de destino (Italiano)		0,25	0,5	1	1,5	2
Idioma de traballo (Inglés)		0,25	0,5	1	1,5	2

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 2 puntos).

A valoración será realizada previa consulta co Director de CIFP Imaxe e son. Os criterios de baremación do profesorado e cargos en activo durante do curso 24-25, son:

- 2 ptos_ Titoría do alumnado de segundo curso “Técnico Superior en Animaciones 3D, Juegos y Entornos Interactivos” modalidade ordinario.
- 1 ptos_ Personal docente do alumnado de segundo curso “Técnico Superior en Animaciones 3D, Juegos y Entornos Interactivos” modalidade ordinario.

No caso de empate nos méritos resolverase a selección mediante sorteo.

7. CRITERIOS SELECCIÓN.

As dúas prazas ofertadas serán adxudicadas seguindo a seguinte orde:

PRIMEIRO_ Alumnado solicitante de axuda na convocatoria Proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436 e que non puidese realizar a mobilidade de formación da que é beneficiario debido a que CIFP imaxe e son non chegou a un acordo con posibles empresas de destino. Terase en conta a orde de cada solicitante na resolución definitiva da convocatoria anteriormente referida.

SEGUNDO_Alumnado solicitante de axuda na convocatoria Proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436 que posteriormente presentou a renuncia á súa participación. Terase en conta a orde de cada solicitante na resolución definitiva da convocatoria anteriormente referida.

TERCEIRO_Alumnado da especialidade "Técnico Superior en Animacións 3D, Xogos e Contornas Interactivos" modalidade ordinario que non se presentou á convocatoria Proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436.

CUARTO_Titora e Persoal docente.

Por orde:

- a) Titora FCT.
- b) Persoal docente.

QUINTO_ CIFP Imaxe e son ten adquirido o compromiso coa Universidade de Módena de enviar a dúas persoas ao curso "Play the BIP a Blended Intensive Program about game-based learning and gamification". Xa que logo, no caso de que no proceso de selección quede algunha vacante, o coordinador de internacional e o director de CIFP Imaxe e son decidirán as persoas seleccionadas segundo criterios de interese xeral do centro.

CIFP Imaxe e son enviará á organización de BIP "[Play the BIP a Blended Intensive Program about game-based learning and gamification](#)". Unha listaxe con persoal seleccionado e outro en lista de espera.

8. RESPONSABILIDADES DO ALUMNADO E PERSOAL DOCENTE BENEFICIARIO.

O persoal seleccionado deberá seguir as directrices definidas pola organización do BIP e seguirá o Check list de xestión da mobilidade definido pola coordinación de proxectos internacionais de CIFP Imaxe e son.

En caso de que a persoa beneficiaria da mobilidade non atenda en forma e prazo á documentación solicitada por CIFP Imaxe e son_Coordinación internacional perderá o dereito á praza.

9. RENUNCIAS.

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus+ de CIFP Imaxe e son no prazo de 5 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

Finalmente,

O proxecto Proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000214907 está cofinanciado pola Unión Europea. A información desta convocatoria só compromete a CIFP Imaxe e son e non reflexa necesariamente o parecer da Unión Europea nin os do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE). Nin a Unión Europea nin a Agencia Nacional SEPIE poden ser considerados responsables do contido desta publicación.

O contido desta convocatoria toma como referente a Guía Erasmus+.

“A educación, a formación, a xuventude e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusiva, así como o aprendizaxe informal e non formal, equipan aos novos estudantes e participantes de tódalas idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito as transicións ao mercado laboral.”

A Coruña, 28 de marzo de 2025



**Co-funded by
the European Union**

Anexo I. Solicitud:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Financiado por
la Unión Europea



UNIMORE
UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI
MODENA E REGGIO EMILIA

“Play the BIP a Blended Intensive Program about game-based learning and gamification”.

Datos persoais

Nome:	Apelidos:	DNI:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Correo electrónico:	Tfno:	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

Documentación presentada. Alumnado:

- I. Acreditación idiomas:
- II. Acreditación persoa con menos oportunidades:

Documentación presentada. Persoal docente:

- I. Antigüidade no centro.
- II. Acreditación idiomas.

Asinado:

A Coruña, de de 202